

6. LIGA 2ª DIVISIÓN SÉNIOR FEMININA

6.1. EQUIPOS PARTICIPANTES

Poderán participar os equipos de categoría sénior feminina que se inscriban especificamente na liga da 2ª División Sénior Feminina nos prazos previstos nestas bases de competición.

Esta Liga estará formada polos seguintes equipos da comunidade autónoma galega (a división dos grupos dependerá da totalidade dos equipos inscritos á finalización do prazo estipulado pola FGB):

- Equipos descendidos da 1ª Div. Autonómica Feminina da temporada 2020-21.
- Equipos participantes nesta categoría na temporada anterior.
- Equipos inscritos nos prazos previstos.

6.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 5 de outubro ás 18.00 horas.

6.3. XOGADORAS

A data límite para dar de alta a xogadoras nesta categoría será a do 28 de febreiro de 2022.

Nesta categoría permitirase un máximo de 15 xogadoras e un mínimo de 8 que poderán ter licenza por un equipo, se ben só se poderán aliñar un máximo de 12 xogadoras por partido.

6.4. ARBITRAXES

As arbitaxes serán autonómicas.

6.5. FORMA DE XOGO

Os equipos repartiranse en dous o máis grupos, distribuídos por proximidade xeográfica a criterio do Comité de Actividades da FGB.

6.6. LIGA REGULAR

Disputarase unha liga regular (ida e volta) entre os equipos participantes, en cada un dos grupos.

6.7. ASCENSOS E FASE FINAL

No suposto de ser dous grupos celebrarase unha eliminatoria a ida e volta entre o primeiro e o segundo clasificado de cada un dos dous grupos xogando o segundo encontro na casa dos primeiros clasificados:

2º GRUPO NORTE – 1º GRUPO SUR (X) 2º GRUPO SUR – 1º GRUPO NORTE (Y)

Para determinar a clasificación do 1º ao 4º celebrarase unha nova eliminatoria a un só encontro na casa do equipo mellor clasificado na fase de grupos entre os dous equipos gañadores e os dous perdedores:

GAÑADOR X – GAÑADOR Y (1º-2º posto)
PERDEDOR X – PERDEDOR Y (3º-4º posto)

Os equipos que disputen o 1º e 2º posto ascenderán a 1ª División Autonómica Feminina.

6.8. FASE CLASIFICACIÓN FINAL

Para determinar a clasificación final dende o 5º ata o 24º celebrarase unha eliminatoria a ida e volta entre os equipos clasificados na mesma posición de ambos grupos, xogando o segundo encontro como local o equipo:

- 1º.- Con máis puntos na clasificación xeral.
- 2º.- Con máis encontros gañados.
- 3º. - Con mellor basquetaveraxe.

Os emparellamentos serán os seguintes se son dous grupos:

- 5º Grupo - 5º Grupo
- 6º Grupo - 6º Grupo
- 7º Grupo - 7º Grupo
- 8º Grupo - 8º Grupo
- 9º Grupo - 9º Grupo
- 10º Grupo - 10º Grupo
- 11º Grupo - 11º Grupo
- 12º Grupo - 12º Grupo

No caso de ser máis de dous grupos, o Comité de Actividades determinará o sistema de xogo e os emparellamentos.

6.9. DATAS DE XOGO

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas, que poderán variarse dependendo do número de equipos inscritos:

Liga Regular:

Outubro: 10, 17, 24, 31
Novembro: 7, 14, 21, 28
Decembro: 5, 12, 19

Xaneiro: 16, 23, 30
Febreiro: 6, 13, 20, 27
Marzo: 6, 13, 20, 27
Abril: 3, 10, 24

Fase Clasificación Final:

Maio: 1, 8.

Cruce determinar 1º posto: Maio: 22.

6.10. DATAS DE SORTEOS

Sorteo Liga: 6 de outubro ás 19.00 horas, nas delegacións asignadas como organizadoras dos grupos.

6.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

6.12. HORARIO DE XOGO

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábados: 16.00, 18.00 e 20.00 horas e domingos: 10.00 h, 12.00 h, 17.00 h. e 19:00 h. Sempre que o equipo local estableza como horario de xogo as 10.00 h e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo o sábado ás 16.00 h, 18.00 h ou 20.00 h, e domingo 12.00 h, 17.00 h ou 19.00 horas, sempre que o equipo que se despraza o faga dende máis de 100 km de distancia , previa solicitude por escrito con, polo menos, 7 días de antelación.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a conformidade do equipo contrario.

Os horarios dos encontros de cada xornada deberán remitirse vía correo electrónico á FGB o martes anterior ao encontro. De non facelo será potestade da FGB marcar o horario e o campo de xogo, sendo responsabilidade do equipo local ter o terreo de xogo libre. Así mesmo, o Comité de Actividades enviará os mércores a todos os participantes os horarios correspondentes a cada xornada.

A FGB poderá autorizar, como día de xogo os luns, martes, mércores, xoves e venres entre as 20.30 h e as 21.15 h, salvo que o equipo que se desprace o faga dende máis de 25 km de distancia. Puntualmente calquera outro horario, incluído calquera día da semana, poderá ser autorizado pola FGB sempre que os equipos estean de acordo.

6.13. TERREO DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial. Neste terreo de xogo disputaranse os seus encontros e deberá estar catalogado como NIVEL 2 dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Non se admitirán en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá realizarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada e para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente, e por falta de previsión do equipo local, tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A FGB recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, empreguen nestes canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadores/as e árbitros no que respecta ás instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

6.14. OBRIGAS ESPECÍFICAS

- **Comunicación de Resultados**

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso.